



Obradoiro Arte e guerra



Instrucións

- 1.** Le con atención o texto. Podes facelo en voz alta ou baixa, e incluso turnarte cos teus compañeiros e compañeiras para que sexa máis divertido.
- 2.** Responde ás preguntas. Pensa ben a resposta antes de escribila. Podes buscar no texto a parte que che axude a contestar.

Le ben as preguntas.

Fíxate no que che están a pedir: non é o mesmo que (unha cousa), cando (un momento) ou quen (unha persoa).

👉 Exemplo:

- Se che preguntan quen insultou ao samurái, busca un nome ou unha persoa.
- Se che preguntan cando sucedeu, busca o momento do día ou a situación.

A templanza do samurai

Contan que preto de Toquio vivía un gran samurái xa ancián, que se dedicaba a ensinar aos mozos a nobre arte da espada e a meditación. A pesar da súa idade, circulaba a lenda de que aínda era capaz de derrotar a calquera adversario.

Unha tarde, apareceu por alí un guerreiro coñecido pola súa total falta de escrúpulos. Era famoso por utilizar a técnica da provocación. Solía agardar a que o seu adversario fixese o primeiro movemento e, dotado dunha intelixencia privilexiada para reparar nos erros cometidos, contraatacaba con velocidade fulminante. O mozo e impetuoso guerreiro dirixiuse ao lugar onde estaba o vello samurái para derrotalo e así aumentar a súa fama.

Todos os estudantes manifestáronse en contra da idea, pero o vello aceptou o reto. Xuntos, dirixíronse á praza da cidade e o mozo comezou a insultar ao ancián mestre.

Arroxoulle algunhas pedriñas, escupiulle na cara, berroulle todos os insultos coñecidos, ofendendo mesmo aos seus antepasados.

Durante horas fixo todo por provocalo, porén, o vello permaneceu impasible. Ao final da tarde, sentíndose xa exhausto e humillado, o impetuoso guerreiro retirouse.

Desilusionados polo feito de que o mestre aceptase tantos insultos e provocacións, os alumnos preguntáronlle:

– “Como puidiches, mestre, soportar tanta indignidade? Por que non usaches a túa espada, aínda sabendo que podías perder a loita, en vez de amosarte covarde diante de todos nós?”

O mestre preguntoulles: “Se alguén chega ata vós cun agasallo e vós non o aceptades, a quen pertence o obsequio?”

– “A quen intentou entregalo”, respondeu un dos alumnos.

– “Do mesmo xeito sucede coa envexa, a rabia e os insultos –dixo o mestre–. Cando non se aceptan, seguen pertencendo a quen os leva consigo”.

Análise do texto

Onde vivía o vello samurái e a que se dedicaba?

Escribe aquí a túa resposta.

Por que era famoso o mozo guerreiro que chegou á aldea?

Escribe aquí a túa resposta.

Como intentou provocar o guerreiro ao mestre samurái?

Escribe aquí a túa resposta.

Que fixo o mestre mentres era insultado e provocado?

Escribe aquí a túa resposta.

Que sentiron os estudantes ao ver que o mestre non reaccionaba?

Escribe aquí a túa resposta.

Que lles preguntou o mestre aos seus alumnos despois da loita?

Escribe aquí a túa resposta.

Cal é a ensinanza que transmite esta historia?

Escribe aquí a túa resposta.

Ti que farías se alguén te insulta ou intenta provocarte? Por que?

Escribe aquí a túa resposta.